

## BANDO

### EXPOSICIÓN PÚBLICA DO CENSO ELECTORAL

Faise saber, que en cumprimento da normativa electoral vixente (Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño e as súas modificacións) e de cara á convocatoria das **Eleccións ao Parlamento europeo 2024 (data da votación 09/06/2024)**, están a disposición do público os seguintes censos electorais : CENSO ELECTORAL DE ESPAÑOIS RESIDENTES EN ESPAÑA (CER), CENSO ELECTORAL DE ESPAÑOIS RESIDENTES NO ESTRANXEIRO (CERA), CENSO ELECTORAL DE ESTRANXEIROS DA UNIÓN EUROPEA RESIDENTES EN ESPAÑA (CERE – con intención de voto), así como a lista das MESAS ELECTORAIS, para a súa CONSULTA OU POSIBLE RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA (por parte das persoas interesadas), no prazo, lugar e horarios seguintes:

#### PRAZO DE EXPOSICIÓN:

Dende o día 22 de abril de 2024 ata o día 29 de abril de 2024 (ambos inclusive).

#### HORARIO DE PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓN:

Días laborais: de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas. Do 22 de abril ata o día 29 de abril de 2024 (ambos inclusive).

#### LUGAR DE CONSULTA (PRESENCIAL):

Na oficina de Rexistro-Estatística, sita no andar baixo da casa do Concello, para facer a consulta por medios informáticos, dos datos electorais, esta deberá ser individual para cada persoa que solicita a consulta, previa identificación. O documento de identificación deberá ser algún dos que para o acto de votación indica o artigo 85.1 da Lei electoral: D.N.I., pasaporte ou permiso de conducir, no que apareza a fotografía da persoa titular.

O horario de consulta neste caso é de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres.  
Ou chamando ós seguintes teléfonos:

Oficina do Censo Electoral: 981 217 439 e 900 343 232 (gratuíto).  
Concello de Cerceda: 981 685 001 (ext. 1), so desde o día 22 de abril de 2024 ata o día 29 de abril de 2024 (ambos incluídos), en horario de 9:00 a 14:00 horas (agás os declarados festivos)

É importante que todas as persoas con dereito ao voto consulten a súa correcta inscrición dos seus datos nas listas electorais, en especial os que cumpriran recentemente os 18 anos, e os que cambiaran de domicilio ou residencia nos últimos meses.

Cerceda, 18 de abril de 2024  
O alcalde  
Juan Manuel Rodríguez García